

## TEMA 11. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

### Información para a preparación do 2º Exame da 3ª Avaliación

Ola a todos e todas. No **2º Exame da 3ª avaliación** entra a materia que expliquei do **Tema 11. A crise do Antigo Réxime**. Tan só entran os catro primeiros apartados, xa que foron os que expliquei en clase. Aproveitade para estudar, xa que é menos materia que no primeiro exame.

- **Conceptos importantes:** agricultura de subsistencia, crises de subsistencia, décimo, privilexiados, non privilexiados, burguesía, sociedade estamental, fisiocracia, liberalismo económico, mercantilismo, despotismo ilustrado e parlamentarismo.
- Lembraide tamén **a pirámide da sociedade estamental** que traballamos en clase xunto cos diferentes grupos sociais (é importante saber distinguir entre privilexiados e non privilexiados).
- **Causas** que orixinaron o aumento da poboación e da produción agraria e manufactureira en Europa.
- Dous novos **sistemas de produción de bens**: traballo a domicilio e manufacturas.
- **Comercio triangular**.
- **Características de ilustración** e principios que defendía cada un dos ilustrados (fixemos un esquema en aulas).
- Finalmente teredes que saber en que consistía o **Despotismo ilustrado**, as súas diferenzas co **absolutismo** e o **parlamentarismo** e a **Revolución Americana**.